



## Informe de valoración dos criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas do servizo de dirección, xestión, produción e realización do Festival Internacional de Cinema “Cineuropa 2023”

A petición da mesa de contratación que cualifica a documentación do procedemento, suscribo o seguinte informe de valoración das propostas presentadas.

### 1. Candidatos/as

Segundo consta no informe da PLACE, consta como licitadores admitidos os seguintes:

**Licitador:** 33275791N

**Razón social:** José Luis Losa García

**Fecha de presentación:** 30.05.2023

### 2. Valoración das ofertas presentadas.

O PCAP, sinala:

#### 1. Mellor oferta económica (32 puntos).

*Para o cálculo da oferta económica terase en conta a Base Impoñible do prezo da oferta achegada por cada candidato/a e do orzamento de licitación, seguindo a seguinte puntuación:*

*Puntuación máxima das ofertas económicas: POE<sub>max</sub>= 32 puntos.*

*Valoraranse unicamente as ofertas económicas definitivamente admitidas pola mesa de contratación e non se terán en conta as ofertas económicas dos licitadores que sexan excluídos, incluso aqueles cuxas ofertas económicas foron definitivamente cualificadas como anormalmente baixas e, consecuentemente, foron desestimadas previamente.*

*Definicións:*

*POE<sub>max</sub>: puntuación máxima das ofertas económicas prevista para a licitación. POE<sub>i</sub>: puntuación da oferta económica do licitador i.*

*OE<sub>i</sub>: oferta económica do licitador i.*

*OBL: Orzamento base de licitación.*

*OE<sub>min</sub>: oferta económica máis baixa das admitidas definitivamente.*

*OE<sub>med</sub>: oferta económica media das ofertas económicas admitidas definitivamente.*

*n: número de ofertas económicas admitidas definitivamente.*

*LT: valor do limiar para a consideración dunha oferta como anormalmente baixa calculado segundo o previsto neste presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares. Isto é aplícase a porcentaxe resultante do cálculo da Baixa Media+10 (BM+10) sobre o Orzamento base de licitación (OBL).*

*A oferta económica media das ofertas económicas admitidas definitivamente calcularase segundo a seguinte fórmula:*



Compostela  
Cultura

$$OE_{med} = \frac{\sum_{i=1}^n OE_i}{n}$$

A puntuación das ofertas económicas de cada licitador definitivamente admitidas calcularase segundo a seguinte fórmula:

$$POE_i = \begin{cases} \frac{OBL - OE_i}{OBL - OE_{med}} \cdot 0,75 \cdot POE_{max} & \text{se } OE_{med} \leq OE_i \leq OBL \\ \left( \frac{OE_{med} - OE_i}{OE_{med} - LT} \cdot 0,20 + 0,75 \right) \cdot POE_{max} & \text{se } LT \leq OE_i < OE_{med} \\ \left( \frac{LT - OE_i}{LT - OE_{min}} \cdot 0,05 + 0,95 \right) \cdot POE_{max} & \text{se } OE_{min} \leq OE_i < LT \text{ e } OE_{min} < LT \end{cases}$$

O licitador José Luis Losa García presenta unha BI da oferta de 132.000,00 € polo que unha vez aplicada a fórmula, cunha baixa do 17,99 % que non supera o límite do 27,99 % considerada baixa temeraria, e sendo o único licitador obtén a cualificación de **24 puntos**.

## 2. Calidade e experiencia da persoa proposta como director/a do festival (Ata 10 puntos).

Sendo a peza fundamental para unha xestión eficiente dos servizos e contidos, avaliarase a calidade do servizo mediante a análise do seu currículo. Considerando que tal e como establece a LCSP no seu artigo 145.2.2o que a experiencia en dirección de festivais é un factor que afecta e determina a calidade da realización do servizo. A realización destas tarefas e actividades conteñen un traballo de índole intelectual que precisa de estar apoiado nunha experiencia previa para poder facer fronte á realización en termos de excelencia dun festival tan senlleiro coma Cineuropa. A realización dunha programación cultural, neste caso cinematográfica, non é un proceso de selección aleatorio dos mellores filmes do ano, senón que require un fondo traballo de posta en relación dos contidos (filmes), con variables de tipo contextual como os hábitos de consumo, a oferta cultural na cidade, as programacións anuais da cidade, o histórico de filmes proxectados no festival, as posibles barreiras de acceso que poden ter determinados públicos en determinados contidos... Polo tanto, esixe dun traballo de corte intelectual que redunde de xeito drástico na calidade do produto ou servizo ofertado. Por isto, o órgano de contratación considerou a ben introducir a valoración da experiencia do/a director/a porque se entende que esta abonda na calidade da realización do servizo dado o alto grao de coñecemento que debe ter o director/a do festival para a execución do contrato. Polo tanto, enténdese que queda xustificoado que a experiencia e calidade do/a director/a afecta directamente á calidade da execución do contrato. Valorarase a razón de 2 puntos por cada edición de festival dirixido de características similares a Cineuropa.

O licitador acredita documentalmente que foi exerceu a dirección do Festival Cineuropa nas edicións de 2015, 2016, 2017, 2019, 2020, 2021, 2022 e anteriores polo que obtén a máxima puntuación, **10 puntos**.

## 3. Proposta de cadro de persoal mínimo adscrito ao servizo. (Ata 3 puntos):

AUDITORIO DE GALICIA  
Avenida do Burgo das Nacións s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 55 22 90  
Billeteiras: 981 571 026 / 981 552 290  
Fax: 981 574 250  
info@auditoriodegalicia.org

  
AUDITORIO DE GALICIA  
PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIONS E CONGRESOS  
Santiago de Compostela

  
CONCELLO DE  
SANTIAGO



**Compostela  
Cultura**

Valorase en base á proposta de cadro de persoal da empresa de efectivos para realizar o servizo. Deberá achegarse un listado detallado do cadro de persoal proposto e que efectivamente se adscribirá á execución do contrato.

- Cadro de persoal de entre 7 e 9 persoas (1 puntos)
- Cadro de persoal de entre 10 e 12 persoas (2 puntos)
- Cadro de persoal de máis de 12 persoas (3 puntos)

O licitador presenta un cadro de persoal de 12 persoas mais o director polo que obtén unha puntuación de **3 puntos**.

### 3. Resultado final.

A puntuación total obtida dos criterios avaliados mediante fórmulas sería:

	Oferta económica	Calidade e experiencia director/a	Cadro de persoal	TOTAL
Losa García, José Luis	24	10	3	<b>37</b>

A proposta do licitador, no seu conxunto, queda valorada como segue:

	Criterios avaliados mediante xuízo de valor	Criterios avaliados mediante fórmulas	TOTAL
Losa García, José Luis	55	37	<b>92</b>

Á vista da puntuación final, a oferta máis vantaxosa por ser a única presentada e obter a máxima puntuación é a presentada por José Luis Losa García

Silvia Modia Ferreiro